

A retórica visual no "Códice Rico" das *Cantigas de Santa María*

Mihai Iacob

[Recibido, outubro 2006; aceptado, setembro 2007]

RESUMO O artigo intenta identificar as relacións establecidas entre a imaxe e o texto, nos manuscritos ilustrados das *Cantigas de Santa María*, de Alfonso X o Sabio, prestando unha especial atención ao así denominado "Códice Rico" (T.I.1.). Para iso, invócanse e confróntanse as contribucións de varios estudosos das miniaturas alfonsís e algunhas propostas inéditas de interpretación.

PALABRAS CLAVE: Idade Media, Alfonso X, Poesía relixiosa, Cantigas de Santa María, Ilustracións, Miniaturas.

ABSTRACT This article attempts to chart the relationship between image and text in the illuminated MSS of the *Cantigas de Santa María* by Alfonso X, the Wise, concentrating on the so-called "Rich Codex" in the Escorial. The author compares and contrasts the studies of various scholars of the Alfonsine miniatures, and adds his own suggestions.

KEYWORDS: Middle Age, Alfonso X, Religious Poetry, Cantigas de Santa María, Miniatures.

37

O presente artigo ocúpase do papel das miniaturas nos códices marianos de Alfonso X, O Sabio, intentando establecer, ao mesmo tempo, as relacións existentes entre as palabras e as imaxes.

No Medioevo, a linguaxe literaria e a plástica estaban unidas por un vínculo moi estreito. As esculturas e os frescos das grandes catedrais góticas reproducían a Sagrada Escritura e os textos teolóxicos. As imaxes do recinto eclesiástico eran intelixíbeis segundo o nivel cultural de cada un; os clérigos chegaban ao significado profundo, mentres que o significado inmediato, unívoco, era alcanzábel mesmo para os iletrados, posto que a iconografía relixiosa constituía, en primeiro lugar, unha *Biblia pauperum*.

A función principal da imaxe era servir ao texto, representalo e glosalo para facelo máis claro. Noutras palabras, a linguaxe visual constituía, antes que

nada, o paratexto (Gérard Genette 1987: 7-8) ou o “discurso de escolta” da linguaxe verbal.

Hai elementos pictóricos no manuscrito medieval que cumpren unha función especialmente ornamental, aumentando o valor estético do libro como obxecto. Este é o caso dos motivos vexetais e zoomorfos que adornan as letras iniciais. Non obstante, estes motivos adquiren a miúdo significados alegóricos que os relacionan semanticamente co texto literario (Geneviève Lobrichon, 1991: 245-271), o cal demostra que a función decorativa non é exclusiva. Como dicía Michel Pastoureau (1986: 51):

La notion de décor est [...] quelque peu étrangère à la sensibilité médiévale. L'ornemental pur n'existe pas. Tout décor est fonctionnel et dans le cadre de vie de l'homme des XIIe-XIIIe siècles, joue toujours un rôle à la fois social, symbolique et syntaxique [...] Tout décor situe chaque individu ou groupe à sa juste place [...] Tout décor est image. Il organise l'espace.

38

Noutras ocasións, as miniaturas reproducen o contido do discurso verbal, transcodificándoo. Ao mesmo tempo, as imaxes adoitan achegar información nova, posto que o miniaturista non é simplemente un ilustrador servil, senón un artista autónomo que trata ao seu xeito o mesmo asunto que o texto literario, operando unha selección propia da materia a representar.

Ás veces, as viñetas comunican outra cousa que os versos ou a prosa que acompañan, como, por exemplo, datos contextuais sobre a “posta en escena” da literatura, figurando o ambiente, aos actores e aos espectadores da *performance*.

A inmensa maioría das miniaturas das *Cantigas de Santa María* reproducen o tema do texto versificado. Refírome aos seis ou doce recadros (nos milagres cuxo número remata en cinco) que “escoltan” cada cantiga nos manuscritos T e F.

Hai, non obstante, algunhas miniaturas que fan referencia ao espectáculo poético. No manuscrito escurialense E, denominado o “Códice de Músicos”, cada *cantiga de loor* ten un preámbulo icónico, unha ilustración que representa un ou dous músicos. Os seus instrumentos áchanse poucas veces repetidos noutras viñetas. A figura do trovador falta destas imaxes, pero aparece nunha miniatura de dedicación, ao principio do libro, na persoa do rei Alfonso X. O

contexto da creación e interpretación das cantigas marianas evócase tamén nas dúas láminas introdutivas do códice T. Deixando a análise destas para máis tarde, ocuparémonos primeiro das transposicións iconográficas de T e F.

François Garnier (1982: 16 e 40) distingue tres tipos de relacións entre o discurso verbal e a súa ilustración. En primeiro lugar, existen representacións icónicas que son réplicas fieis do texto, que constitúen unha “*transposition visuelle de l’expression verbale*”. Outras imaxes operan unha selección da información transmitida no texto e interprétana, utilizando unha linguaxe tipificada, doadamente descifrabel. En fin, á terceira categoría pertencen as ilustracións que conservan unicamente o “espírito” do texto, pero a miúdo expresan ideas e describen feitos que non aparecen neste.

Dende o punto de vista da visualización, hai imaxes *históricas* ou narrativas, que sitúan o asunto representado no tempo e no espazo, e imaxes *temáticas*, que están desprovistas de ancoraxe espazo-temporal concreta; son alegorías, racionalizacións, abstraccións. Garnier considera que o mesmo asunto pode ser narrado nunha imaxe *histórica*, ou interpretado e racionalizado nunha imaxe *temática*. Non obstante, normalmente óptase por un xeito ou outro de ilustración en función do tipo de contido que se queira representar. As series pictóricas das *Cantigas de Santa María* demostran que os asuntos abstractos tratados nas *cantigas de loor* –“as virtudes de María”, por exemplo– sitúanse maioritariamente nun ambiente descontextualizado, habitado por personaxes hieráticos, estáticos, mentres que as historias milagrosas se divulgan polo xeral a través dunha fórmula visual narrativa, dinámica, que supón a figuración de personaxes en movemento, de detalles realistas e naturais¹. Aínda que afirma que as miniaturas dos manuscritos de Alfonso X ilustran “o inefábel e o altamente explícito[...] o mundo do real e as visións ou intuicións do sobrenatural”, José Guerrero Lovillo (1979: 273) insiste máis no carácter anecdótico do discurso pictórico alfonsí (de feito, os *mirages*, que requiren unha representación *histórica*, son moito máis numerosos que os *loores*). O estudoso fala da “naturaleza espontánea y viva” das escenas imaxinadas, da “paisaje libre de toda servidumbre simbólico-alegórica” e da “estricta actitud visiva” del miniaturista “libre de rixideces de orde intelectual”.

¹ John Keller (1987: 189) fala do “realismo case fotográfico” das miniaturas dos códices T e F.

É verdade que o século XIII constitúe un período de transición iconográfica da fase hierática e simbólica a unha fase naturalista que alcanza o seu apoxeo no século XV (Lecoy da Marche, s/d: 124-125). Non obstante, a arte medieval non estivo nunca completamente desprovista da dimensión simbólica e sería un erro atribuírle un “realismo fotográfico”. Ás veces, as miniaturas que acompañan os milagres ofrecen casos interesantes de visión mixta, *histórica* e *temática*. Nas miniaturas 5 e 6 da cantiga 9, o curso narrativo, sintagmático, baseado na sucesión esquerda-dereita, vaíse alterando por relacións paradigmáticas. A situación da imaxe da Virxe no lado dereito –e simbolicamente “bo”– dos recadros 2, 3 e 4, correspóndese “temática” e non historicamente coa posición do bispo nos recadros 5 e 6, para recalcar o carácter sagrado da Igrexa. Isto fai que o terceiro e o último episodio da miniatura serial² 6 estea representado no lado esquerdo e non no dereito, como é usual no tratamento visual *histórico*. De feito, para marcar a correspondencia simbólica entre a Virxe e a Igrexa, o miniaturista sacrifica outra representación paradigmática codificada: a saída dos pecadores arrependidos polo lado dereito, o “bo”. No sexto recadro, estes saen pola esquerda, xa que o lado dereito está ocupado polo bispo que lles impón a penitencia.

40

Na mesma narración icónica, existe polo menos un elemento máis que contradi a concreción realista. Na lámina 3, a cabeza da vítima dos tres cabaieiros ocupa a mesma posición que, na lámina seguinte, a cabeza dun dos verdugos que están a sufrir o castigo divino. Trátase dunha ilustración simbólica do principio moral segundo o que, tarde ou cedo, un chega a padecer o mesmo mal que inflixiu.

Por outro lado, a representación eminentemente *temática* das *cantigas de loor* non está exenta de intrusionas *históricas*. En cinco das seis miniaturas que acompañan a cantiga 10, María aparece en posturas estáticas, hieráticas. Non obstante, na quinta miniatura, a inmóbil e sentada Virxe románica vén substituída por unha dinámica Virxe gótica, de pé e xesticulando. Cabe sinalar tamén que, nesta imaxe, María traspassa a liña divisoria das columnas que dividen o espazo pictórico e o separan normalmente do espazo do espectador, coma se estabesece unha ponte entre as dúas zonas. Deste xeito, a mensaxe didáctica da cantiga ilustrada chega ao público de forma máis directa e cunha maior intensidade emocional.

² Miniaturas que aglutinan varios momentos sucesivos da mesma acción.

As miniaturas *históricas* dos códices T e F transparentan o seu contido, son “claras” no sentido da *claritas* medieval, un dos trazos imprescindíbeis do obxecto fermoso (Eco, 1999: 115-116). Hai elementos que guían e facilitan a lectura, poñendo de manifesto o *cursus* narrativo. Tal como observa Kathleen Kulp-Hill (1995: 4): “The scene in the panel is executed as graphically as possible, with many ‘narrative’ cues, such as attitudes and facial expressions of human figures, rugged landscape, tossing waves, open and closed doors, and dual-action panels divided by a column or a tree”. John Keller e Richard Kinkade (1984: 16) refírense sobre todo á función narrativa do “decorado” arquitectónico:

...each arch or series of arches serves to produce the effect of a spotlight which pinpoints a stationary moment of action. Arches do more than this, however, for they in a sens become parts of the action itself by contributing to the flow of events while offering a means of spatial transition from one separate point in estafe to another.

O papel de *raccord* dos arcos e doutras compoñentes da imaxe é necesario nas miniaturas seriais, cuxa comprensión podería resultar, doutro xeito, dificultosa. A cuarta viñeta da cantiga 67, por exemplo, representa dous momentos, cuxo protagonista aparece dúas veces; a primeira, a cabalo, traspasando coa lanza un oso e a segunda, pescando nunha barca, mentres que un demo está empurrando a barca ou tratando de envorcala. Entre as dúas escenas, atópase o demo, que sinala coas mans á súa dereita e á súa esquerda. Por este xesto, o demo ordena ao protagonista que vaia cazar e pescar, para podelo matar durante estes pasatempos. É, de feito, o que refire o rótulo (“Como o demo fazia a seu amo yr a monte e pescar non mar por fazerlo morrer”) e a cantiga:

E porende lle fazia/amêude que caçasse
enas montan[n]as mui fortes;/e eno mar que pescasse;
e muitas artes buscava/per que algur matasse

Ao mesmo tempo, trátase dun xesto déictico que cumpre unha función metacomunicativa, distinguindo –para o espectador– entre os dous episodios do recadro e evitando, deste modo, unha lectura equivocada. O demo é, indistintamente, un personaxe da historia milagrosa e un narrador-comentarista que explica ao público o contido da miniatura, sinalando o seu carácter serial. Por conseguinte, segundo as normas interiores do discurso visual, o ademán demoníaco sería tanto textual como metatextual.

A visualización do contido das cantigas supón, invariabelmente, unha selección dos episodios máis representativos de cada *miragre* ou das ideas clave de cada *loor*.

Na cantiga 15 fálase das prácticas ascéticas ás que se dedican os concidádans de San Basilio e os monxes do seu mosteiro para librarse do mal prometido polo emperador Julián:

Demai fez-lles gejuar tres días
e levar gran marteir'e afan,
andando per muitas romarias,
bevend'agua, comendo mal pan;
de noite lles fez têer vigias
na igreja da do bon talan,
Santa Maria, que désse vias
per que saissen daquel pavor

42

De todo isto, a miniatura correspondente a esta estrofa conserva unicamente a vixilia orante ante o altar da Virxe, feito consignado tamén no rótulo: “Como San Basilio e o poboo rogavan Sancta Maria que os gardasse de Juyano”. As oracións dirixidas a María son o dato máis importante na economía da diócese, xa que a estas se debe a ulterior intervención milagrosa e benfeitora da santa.

A conclusión que se impón é que a conversión do relato verbal en relato visual non é, nin moito menos, neutra, senón que supón xa unha actividade interpretativa do miniaturista. A través dos seis ou doce recadros inténtase acreditar unha determinada lectura do texto poético. Podería dicirse que a interpretación pictórica dos feitos é, polo xeral, máis simple, máis alcanzábel e menos abstracta que a ofrecida nas cantigas.

Todas as composicións poéticas empezan por unha secuencia doutrinal, cuxo contido vén probado a través do relato milagroso ulterior. Non obstante, as miniaturas das *cantigas de miragre* non reproducen normalmente máis que a narración propiamente dita. Constitúe unha excepción o primeiro recadro da cantiga 26, onde aparece a Virxe aleitando a Xesús Cristo, unha escena descrita na *amplificatio* da sentenza:

Mui gran razon é que sábia dereito
que Deus troux'en seu corp'e de seu peito
mamentou, e del despeito
nunca foi fillar;
poren de sen me sospeito
que a quis avondar.

O feito de que o discurso pictórico dos milagres non adoite representar a sentenza-retrouso é moi significativo para o xeito en que o miniaturista interpreta o milagre, deixando que os feitos exemplares (*exempla*) falen por si mesmos, que convenzan pola súa plasticidade. Ao escribir sobre o valor pedagóxico da imaxe medieval, Jean de Gênes (1997: 245) refírese a esta forma de comunicación menos “intelectual”, que lle é propia:

En premier lieu, pour l'instruction des gens simples, car ceux-ci sont enseignés par elles comme des livres. En deuxième lieu, pour que le mystère de l'Incarnation et l'exemple des saints puissent mieux agir dans notre mémoire en étant exposés quotidiennement à notre regard. En troisième lieu, pour susciter un sentiment de dévotion, qui est plus efficacement excité au moyen de choses vues que de choses entendues.

43

Hans Robert Jauss (1989: 47) expresa a mesma idea:

Nell 'uso cristiano gli *exempla* potevano essere sfruttati contro i filosofi pagani e la loro pretesa che solo al pensiero razionale e ai suoi strumenti logici sia riservata la conoscenza del vero. La convinzione cristiana del maggiore peso che spetta a ciò che è solo pensato, all'azione visibile in quanto realizzata, rispetto al puro impianto dottrinale.

Hai que subliñar así mesmo que o artista selecciona do texto verbal a información que vai traspoñer en linguaxe icónica, non só en función da importancia que esta información ten para a economía do relato, senón tamén en función da súa representabilidade plástica. Polo tanto, o comentario teolóxico que inicia os milagres versificados non adoita representarse tamén por unha razón técnica. O correspondente pictórico da sentenza sería unha miniatura *temática*, segundo a terminoloxía de Garnier, difícil de plasmar debido ao seu contido abstracto. Así se explica por que varias series icónicas correspondentes ás *cantigas de loor* –que requiren unha ilustración *temática*– non están acabadas.

En varias ocasións, as ilustracións achegan informacións distintas das proporcionadas polos versos. As rúbricas dos cancioneiros galego-portugueses de poesía profana ofrecen tamén información nova que non aparece nos textos poéticos, pero trátase de datos referentes ao contexto real que inspirara ao autor ou de glosas e claves de lectura. A diferenza dos epígrafes profanos, algunhas narracións iconográficas do “Códice Rico” enriquecen ou cambian o mesmo contido do milagre relatado na cantiga, e este cambio non se debe unicamente á transcodificación, á transferencia da linguaxe verbal dos versos á linguaxe visual dos recadros.

O contido das miniaturas parécese máis, nestes casos, ao das prosificacións en castelán, que ao das cantigas. Ao se referir á relación entre as composicións poéticas e as súas ilustracións, Luís Beltrán (1983: 329) afirma: “Aunque en la mayoría de las cantigas el texto pictórico se deriva del texto verbal, esto no es siempre así. Un análisis de las cantigas 1 y 10 demuestra la autonomía de los textos verbal y pictórico”. Así mesmo, o medievalista sospeita que as miniaturas poden ter como modelo versións literarias anteriores ás do rei Sabio ou outras representacións plásticas, a pesar de confesar que esta hipótese é indemostrábel.

44

Os recadros tres e catro da cantiga 3 proporcionan unha información ausente dos versos galego-portugueses, pero mencionada na prosificación castelá de T (o sono de Teófilo ante o altar da Virxe). O segundo recadro da mesma narración pictórica ten tamén unha relación bastante xenérica coa cantiga. Trátase da escena na que Teófilo entrega ao demo a carta pola que renuncia a Deus e a María. Na imaxe pódese ver a Teófilo axeonllado ante Satanás, sentado nun trono e debaixo dunha tenda rodeada por demos de grandes ás membranosas.

Os versos refiren este suceso dun xeito moi sucinto, sen amentar os detalles que aparecen na miniatura:

[...] que fora fazer
per consello dun judeu
carta por gâar poder
cono demo, e lla deu.

O rótulo do recadro antes mencionado é igual de pobre en detalles: “Como Teofilo negou Iesu Christo e Sancta Maria e deu en carta ao demo”. En cambio, a prosificación é máis xenerosa:

[...] e fezieron luego su carta e el diablo veno í con grant poderío de espíritus malignos e con mucho aver, e Teófilo adorólo e dióle la carta [...].

O do “grant poderío de espíritus malignos” parece facer referencia ao séquito demoníaco e recupera parcialmente o aparato da escena, tal como este vén imaxinado na miniatura.

A sexta e última viñeta da cantiga 67, que mostra o desenlace da historia milagrosa, constitúe tamén unha proba da imaxinación do artista e da autonomía do discurso icónico con respecto ao discurso verbal. A cantiga relata a historia dun home misericordioso, a quen un demo escondido no corpo dun morto quería matar. Ao final, un bispo descobre os plans do maligno. A vixésima estrofa conta que, tan pronto como o demo confesa a súa “fazenda”, á petición do bispo, o corpo que habitaba esborrállase e o personaxe infernal esvaécese coma se non existise. A partir destes versos, o miniaturista produciu unha ilustración moi espectacular. O demo atópase no medio da escena, mentres os presentes o observan horrorizados. As roupas que o cubrían desapareceron e do aspecto dun home gallardo, queda un cadáver ennegrecido e podre. Da boca deste cadáver sae a figura dun demo con rabo, ás, poutas e cascos. En primeiro lugar, a cantiga non proporciona ningunha información sobre a volta do cadáver ao seu degradado estado anterior e tampouco o feito de que o demo abandonase o corpo do morto a instancias do bispo, o cal pon de manifesto a achega do miniaturista, recalcada polo rótulo da imaxe: “Como o bispo fez fogir o demo e o corpo en que andava caeu ant’eles”.

45

Ao contrastar a cantiga 7 coa narración icónica adxunta, notamos que non existe –e esta é unha regra xeral no “Códice Rico”– unha correspondencia rigorosa entre as estrofas e os recadros, no sentido de que non se dedica unha miniatura a cada estrofa. Unha das razóns desta relación irregular que se establece entre o discurso verbal versificado e o discurso plástico é de orde puramente técnico, xa que hai un *numerus clausus* de ilustracións, mentres que o número de estrofas das cantigas é variábel. Non obstante, resulta insuficiente invocar como causa de todas as discrepancias entre o texto da cantiga e o discurso plástico o feito de que en seis recadros non se puidese describir con todo detalle o contido dun argumento relatado ás veces en vinte estrofas de catro versos e un retrouso (Keller, 1987: 194).

A sentenza-retrouso que precede a narración do milagre non ten representación icónica e a primeira estrofa tampouco. Talvez constituíse unha “inco-

rección política” visualizar o episodio en que un “ome de Bolonna” deixa embarazada unha abadesa, cedendo os dous á tentación do demo. En cambio, á segunda estrofa correspóndenlle dúas miniaturas. A terceira estrofa vén representada por tres recadros, pero dous deles ofrecen máis información que os versos. A cantiga di soamente que “Santa Maria tirar/lle fez o fill” á abadesa, durante o sono, mentres que a lenda que describe o contido da cuarta imaxe reza: “Como Sancta Maria fez sacar o fillo a abadessa pelo costado”. É necesario engadir que, no recadro, a cesárea é practicada por dous anxos supervisados por María. Este dato aparece tamén na versión prosada do milagre: “la Virgen Santa María mandó a sus ángeles que le sacasen el fijo que tenía en el vientre, abriéndole el costado diestro onde lo traya”.

Así mesmo, se o texto versificado narra unicamente que a Virxe mandou o neno a “Sanssonna” para que o criasen, o recadro mostra –tal como o di a lenda– “como o angeo deu a criar o fillo da abadessa a un heremita”. O texto prosado transmite a mesma información: “e que lo levasen a criar a tierra de Sansueña en unos montes do un hermitaño estava”. Por esta razón, Elvira Fidalgo (2003: 43-70) propón a hipótese de que, en casos como este, o prosificador se puidera inspirar non só nos versos ou nun texto mariano anterior a estes, senón tamén na narración iconográfica.

A relativa autonomía das miniaturas con respecto ao texto poético maniféstase con máis claridade nas *cantigas de loor*. Na opinión de Margarida Lliteras (1997: 3-13),

este hecho se debe a dos factores principales: por un lado, a que el autor de las miniaturas de las cantigas de loor goza de más libertad de representación que el de las cantigas de milagros, al ser las primeras más líricas y, por tanto, más abstractas que las segundas. Por otra parte, el miniaturista se vale en muchas ocasiones de ciertas representaciones que conllevan en sí mismas un determinado simbolismo, por lo que a su significado inmediato se superponen otros significados más profundos.

Ao comentar o discurso plástico da cantiga 10, Lliteras refírese á segunda miniatura da cantiga, que corresponde ao sintagma “fros das froes”, do *refrán*. Máis explícita que os versos, a viñeta representa a María emerxendo entre lirios de cinco pétalos. O lirio é, igual que a rosa, un símbolo mariano predilecto que significa virxindade, pureza. O lirio de cinco puntas evoca as cinco letras do nome de María e simboliza, para os alquimistas, a quintaesencia e a

“materia prima”. A Virxe leva na man un lirio azul, que na mesma alquimia é a flor da sabedoría. Ademais, o marco-pedestal que delimita, nas primeiras dúas miniaturas, a zona florida, recorda o tópico mariano do *hortus clausus*.

A quinta miniatura equivale ao cuarto verso da primeira estrofa (“Sennor en toller coitas e doores”) e visualiza mediante dous grupos simbólicos de “doentes” as penas físicas e anímicas. Aparecen, así mesmo, elementos que o texto verbal non menciona, como os dous anxos que encadran a Virxe.

Na última viñeta, axeonllado ante o altar da Virxe, está representado o mesmo rei Alfonso, a primeira persoa do discurso versificado, a identidade do cal non se desvela na cantiga 10, senón na *Intitulatio*, a primeira composición da antoloxía. Para subliñar esta identidade, o altar está adornado cos emblemas de Castela e León.

A primeira miniatura do relato iluminado que acompaña a cantiga 20 ofrece tamén detalles que amplifican os sintéticos versos galegos. Mentres que no texto poético é unicamente unha metáfora da Virxe, a “Virga de Jesse” convértese –na ilustración– nun altar ante o que reza o rei de xeonllos. A explicación do rótulo (“Como gaba o Rei a verga de Jesse que e Santa Maria”) é menos precisa que a prosificación castelá: “[...] fazie su oraçon a esta sennora e ala verga de Jese onde ella venia”. A cantiga non se refire directamente á actitude orante do rei, que pode ser só deducida dos últimos versos:

Poren m’acomendo
a ti e rendo,
que os teus non faleces.
Virga de Jesse...

Os recursos retóricos da narración versificada atopan nalgunhas ocasións os seus correspondentes plásticos. Existe, por exemplo, un encabalgamento pictórico no relato icónico da cantiga 64, onde a Virxe atravesada dous recadros (3 e 4), o cal dinamiza a diéxese. Keller (1987: 184) afirma, en relación con este procedemento: “En un libro en el que el encabalgamiento verbal es tan común no debería sorprender el empleo del encabalgamiento visual también”.

Un trazo que as miniaturas alfonsís comparten coas do *Cancioneiro de Ajuda*, de poesía profana, é o carácter laico, recalcado por A. Domínguez Rodríguez (1976: 28):

La miniatura europea del siglo XIII muestra en general una nueva orientación laica, tanto en el sistema de elaboración de sus códices –talleres urbanos y no monásticos– como en su contenido –frecuente iluminación de textos profanos– y clientela –predominio de encargos reales frente a los clericales.

Nun códice destas características, é normal que os nobres mecenas estean presentes. Moitos manuscritos do século XIII e dos séculos seguintes inaugúranse por unha páxina frontispicio cunha solemne miniatura que retrata o monarca ou o príncipe patrocinador da obra. Entre os grandes personaxes que aparecen nos libros por eles ordenados poderíamos mencionar a Carlos V de Francia (s. XIV) ou ao duque de Borgoña, Felipe o Bo (s. XV). Xeralmente, a miniatura de presentación ou dedicación representa a entrega do códice ao monarca por parte do escriba, o iluminador ou o tradutor. A diferenza destas láminas, as miniaturas exordiais dos manuscritos alfonsís representan o monarca castelán entregando o libro ou ditando o texto, o cal sinala a contribución directa de Alfonso á elaboración das obras do seu obradoiro.

48

As imaxes prologais máis representativas das *CSM* son as dúas existentes no “Códice Rico” (T). Nunha delas (no f. 4), de menor tamaño, pois ocupa un cuarto do folio aproximadamente, o rei diríxese dende un escano a seis personaxes que o rodean, cumprindo funcións de copistas. O monarca parece ditar dun rótulo que leva na man e que contén o seguinte escrito: “Porque trobar é cousa en que jaz entendimento”. Son os versos iniciais do “Prólogo B”, unha das pezas que encabezan a antoloxía mariana.

